

DISCURSO DO PRESIDENTE DA XUNTA NA CERIMONIA DE ENTREGA DAS
MEDALLAS DE GALICIA 2010

Santiago, 25 de xullo de 2010.-

Señores galardoados;
autoridades presentes;
señoras e señores:

Europa fúndase en Galicia. Moito antes de que Robert Schuman ou Salvador de Madariaga soñasen cunha unión continental; moito antes de que se formalizasen os tratados, de que se asinasen acordos ou definisen constitucións, o ideal europeo botou a andar con cada peregrino que deixaba o seu lar para achegarse a Compostela.

Unha forza irresistible e permanente fixo que millóns de homes e mulleres seguisen o Camiño das Estrelas para poñeren a semente da unidade. **Son eles os que fan que o Vello Continente se converta nun proxecto novo; son eles os que derruban fronteiras poñendo no seu lugar pontes de entendemento.**

A humanidade avanza movida por grandes ideas. Unha delas nace entre nós e faino sen loitas, sen conquistas, sen derrotas. Galicia é o gran catalizador dun sentimento europeísta que necesitaba un símbolo e unha esperanza. Decía o pensador europeo Friedrich Hebbel que *«o que non cre en nada, tenlle medo a todo»*. **Europa perdeu o seus medos cando empezou a crer en si mesma.** Esa fe atopárona peregrinando moitas xeracións de europeos que experimentan un milagre persoal e colectivo. **Non soamente descubren o humanismo, senón que se recoñecen como compatriotas dunha patria formada por un mosaico de nacións.**

Temos que preguntarnos se ese papel sobranceiro de Galicia na aventura europea é casual ou responde a razóns fondas. Non pode ser azaroso algo que perdura na historia. Se a elección de Galicia fose circunstancial, a cultura xacobeá esmorecería hai tempo, igual que esmoreceron outras. E non foi así. **A inmensa corrente humana que fai do Camiño a arteria principal do europeísmo, viu e ve en nós un pobo especialmente dotado para ser o anfitrión da nova Europa.**

En Galicia atopou e atopa paz, tolerancia e capacidade para integrar o diverso. Descubriu e descubre un país que non confunde o orgullo co menosprezo ao alleo, nin a personalidade diferenciada co illamento. Gozou e goza dunha terra que respecta o seu pasado, sen vivir alimentada de nostalxias. **En definitiva, os peregrinos viron e seguen vendo en nós un compendio da Europa que ansían. Velá a explicación de que fose Galicia, a fin da terra, un dos principios da idea europea.**

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ser galego non é simplemente nacer ou estar en Galicia, senón compartir valores. Valores que nós achegamos ao acervo común europeo, e valores que viñeron de Europa a través do Camiño e que nós incorporamos á nosa conciencia colectiva. **Unha proba de que eses valores foron fecundos é que estamos aquí, que Galicia é un país libre de homes e mulleres que comparten un proxecto ilusionante.**

O Códice Calixtino enumera exhaustivamente os pobos dos que eran orixenarios os primeiros peregrinos que viñan a prosternarse aos pés do Apóstolo. Algúns deles esvaecciónense en etapas difíciles da historia. Outros sucumbiron en guerras ou crises afastadas. Hainos que quedaron como unha simple curiosidade etnolóxica.

O noso está en pé. Galicia non desfalece en ningún tramo do longo camiño polo tempo. A forza dos seus homes e mulleres é moi superior á das dificultades que cada época foi suscitando. Tamén agora a enerxía común pode superar as adversidades do momento presente. **Galicia é unha comunidade que chega vigorosa ao século XXI porque os nosos compatriotas de todos os tempos souberon, como o poeta Curros Enríquez, que «na unión dos bos galegos está da patria o porvir».**

Un dos símbolos que impresionan o espírito do peregrino é consecuencia desa unidade que fixo posible a permanencia do noso país. Refírome á catedral de Santiago, de cuxa consagración imos celebrar os oitocentos anos. **É a obra de todo un pobo.** É a mostra de que as nosas xentes querían perdurar, que pensaban no futuro, que sabían que só cun traballo en harmonía poderían deixarlle un legado á eternidade. **Cando a contemplamos, contemplamos o que fomos e o que podemos ser, se somos quen de manter vivo o espírito de todos os que traballaron nela.**

As Medallas deste Día de Galicia outórganse a unha persoa e a unha institución que demostran que ese espírito segue entre nós. A nosa terra ten a sorte de atopar exemplos de galeguismo, non só en períodos remotos, senón tamén no momento presente. A Galicia moderna, autogobernada e integrada en España e en Europa, quixo darlle un novo pulo á cultura xacobeá. **Entendeu que esa idea motriz e matriz de Europa seguía sendo necesaria, e que seguía a latexar no corazón de moitos europeos de hoxe.**

Galicia e Compostela foron o centro do mundo. Quixeron volver selo e sono. Hai un dobre éxito na tarefa que emprenden o Cabido e o que foi conselleiro de Educación e Cultura da Xunta de Galicia. Conseguen primeiramente converter o Camiño en faro que alumea a relixiosidade e a espiritualidade europeas; e despois anovalo para que ese faro non se apague nunca.

O Cabido da catedral compostelá, representado polo seu deán, don José María Díaz Fernández, é referente dun milagre no que o noso señor Santiago contou cunha magnífica colaboración humana. Cando o arcebispo de Santiago, don Julián Barrio, nos aprema «no tempo da posmodernidade, da exploración do espazo e das super-

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autoestradas da información» a «botar as raíces no chan firme e estable do sagrado», está definindo a importancia do gran símbolo que é a Catedral de Santiago.

Iso é o que nela atopan os camiñantes: firmes alicerces, enriquecemento e solidez para a súa cosmovisión habitual. Quero louvar e agradecer publicamente o traballo reflexivo, prudente e delicado da Igrexa Católica, que dá seguridade e firmeza ao traballo e ao proxecto do Ano Santo.

En don Víctor Manuel Vázquez Portomeñe atopamos o referente dun movemento protagonizado por diversos peregrinos, movidos por diferentes concepcións da vida, que volveron atopar en Compostela unha resposta. Descendentes modernos dos primeiros viaxeiros, descubren que o Ano Santo non é un vestixio, senón algo cunha forza crecente. **O Xacobeo convértese na grande obra da Galicia moderna.** Do mesmo xeito que a catedral foi un monumento ao entendemento dos galegos, o Xacobeo supón un revulsivo para toda a nosa sociedade, que se une para propiciar un triunfo indiscutible.

Na fértil colaboración entre os ámbitos civís e eclesiásticos, velaí a outra face do Ano Santo Xacobeo. **Demóstranos o que podemos facer xuntos. O Cabido e don Víctor Manuel Vázquez Portomeñe encarnan o espírito desa Galicia que agrupa, que acorda, que harmoniza e fusiona vontades.** As novas institucións nadas da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía unen a súa iniciativa a unha Igrexa que artella o noso país e acompaña a andaina histórica da nosa xente dende tempos ben remotos.

A sociedade galega ve ese exemplo de colaboración e reacciona cun entusiasmo que fai posible que Galicia enteira participe da grande empresa xacobeá. Igrexa, autonomía e pobo erguen un novo monumento feito coa mesma materia prima ca a nosa catedral: a unidade. O peregrino que se achega a nós pode sentir como ese antigo espírito catedralicio que fixo posible a eterna morada do Apóstolo está nos nosos días espallado por todo o país.

A Europa, a España e a Galicia peregrinas están hoxe nunha encrucillada difícil. Como sucedeu nas anteriores, a cultura xacobeá ofrece un guieiro do que non é autor ningún pensador concreto, senón unha multitude de camiñantes anónimos que noutro tempo recuperaron folgos no Camiño. **Nel aprenderon o valor da solidariedade, a riqueza da tolerancia, a forza da cooperación.** Cando eses principios triunfaron, os tramos máis arduos quedaron atrás.

Eses principios adornan a quen recibe neste acto a Medalla de Galicia. Son a mellor expresión dun vello fogar europeo, que os seus fillos souberon facer máis grande.

Moitas grazas.